

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 7646** *Corrección de erros do Real decreto lei 9/2014, do 4 de xullo, polo que se establecen as normas de calidade e seguridade para a doazón, a obtención, a avaliación, o procesamento, a preservación, o almacenamento e a distribución de células e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación e funcionamento para o seu uso en humanos.*

Advertidos erros no Real decreto lei 9/2014, do 4 de xullo, polo que se establecen as normas de calidade e seguridade para a doazón, a obtención, a avaliación, o procesamento, a preservación, o almacenamento e a distribución de células e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación e funcionamento para o seu uso en humanos, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 163, do 5 de xullo de 2014, procédese a efectuar a oportunas rectificacións:

Na páxina 8 insírese un novo número 3 no artigo 7, coa seguinte redacción:

«3. A información e o consentimento deberanse efectuar en formatos adecuados, seguindo as regras marcadas polo principio de deseño para todos, de maneira que resulten accesibles e comprensibles ás persoas con discapacidade.»

Consecuentemente, o número 3 do artigo 7 pasa a ser número 4.

Na páxina 9, a redacción do segundo parágrafo do número 1 do artigo 8 substitúese pola seguinte:

«No caso de que se trate de menores ou persoas con capacidade modificada xudicialmente, a oposición á doazón poderana facer constar os que tivesen en vida daqueles a súa representación legal. Tratándose de persoas con discapacidade, deberanse ter en conta as circunstancias persoais do individuo e a súa capacidade para tomar a dita decisión en concreto, e deberase considerar a prestación de apoio para a toma destas decisións.»